



Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17. 15007 A Coruña Tel/Fax 881960300
<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha> ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.es



RESUMO CONVOCATORIA MAIO-2017. AXUDAS LIBROS DE TEXTO. (DOG. 22/5/2017)

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica con data do 22/05/2017, a orde pola que se regula a participación no **fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria**, ESO e educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/2018.

O vindeiro curso 2017/2018 o Fondo solidario de libros de texto estará accesible para o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. Nos restantes cursos – 1º e 2º de educación primaria, e en educación especial- funcionarán as axudas para a adquisición de libros de texto. No caso do material escolar, convócanse axudas para a súa compra destinadas ao alumnado matriculado na educación primaria, ESO e educación especial.

O criterio da Consellería é sempre priorizar ás familias con menos recursos, co fin de asentar un modelo solidario e que todas as familias que precisen de apoio para contar con libros e material escolar o teñan, ben pola modalidade de axudas directas, ben polo fondo público e solidario.

Os requisitos e termos da convocatoria poden consultarse no (DOG. 22/5/2017), no portal educativo: <http://www.edu.xunta.es>. O formulario tamén está: <https://sede.xunta.gal>.

Beneficios da nova convocatoria

A decisión de integrar as tres modalidades (fondo, axudas para a adquisición de libros e axudas para a compra de material escolar) nunha mesma convocatoria, facilita e simplifica a tramitación para as familias, dado que só será preciso presentar unha única solicitude por centro, incluíndo nela a todos/as os/as fillos/as que estean escolarizados nel. En consecuencia, a documentación só se ten que presentar unha vez.

O prazo para a presentación das solicitudes remata o 23 de xuño de 2017.

Convocatoria de axudas

No caso das axudas para a adquisición de libros de texto mantéñense invariables respecto do curso 2016/2017 as contías das axudas. Así mesmo, mantense que, o alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos recibirá un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar. Neste mesmo sentido, os menores que se encontren en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirán a axuda máxima correspondente ao ensino e curso en que estean matriculados, e non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

Para o resto dos casos, os tramos de renda e as súas correspondentes axudas son as seguintes:

Educación Primaria:

- Renda per cápita **familiar ata 5.400,00 euros: 170 euros**
- Renda per cápita familiar desde **5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros**



Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
NIVERSITARIA

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17. 15007 A Coruña Tel/Fax 881960300
<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha> ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.es



No caso das axudas para a compra de **material escolar** destinado a alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial, o umbral é a renda per **cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros.**

Fondo público solidario

A asignación de libros de texto correspondente aos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º a 4º da ESO farase, ao igual que o ano pasado, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terán preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da súa renda familiar.

De darse o caso de non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexa necesario. O obxectivo é garantir que o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros e o que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda) teña garantido o acceso a 6 libros, e que o que teña renda per cápita superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 acceda a 4 manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros, ben utilizados do mesmo fondo o ano pasado, ben adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto.

O director

Manuel G. Souto Facal